



Compostela
Cultura

Emocións naturais

Natureza, vida e amor

**REAL FILHARMONÍA
DE GALICIA**

25 Aniversario

TEMPORADA DE ABONO

2020 → 2021

XOVES 18

MARZO 2021

Auditorio de Galicia, 20.00 h

Ciclo de piano Ángel Brage

RHAPSODY IN BLUE

Wayne Marshall, director e piano

PROGRAMA

G. Gershwin (1898-1937)

Fantasia Porgy e Bess (orq. I. Farrington)

Un americano en París (orq. I. Farrington)

Rhapsody in Blue (orq. F. Grofé)

Wayne Marshall, piano

Duración aproximada do concerto: 1 hora

Pregámoslle ao público que non faga fotografías e que desconecte os teléfonos móbiles, reloxos, etc.

REAL FILHARMÓNIA DE GALICIA

25 Aniversario

A Real Filharmonía de Galicia créase no ano 1996 en Santiago de Compostela, e ten a súa sede permanente no Auditorio de Galicia, na cidade de Santiago de Compostela. Está formada por cincuenta músicos de 17 nacionalidades diferentes. Paul Daniel é, dende 2013, o seu director titular e artístico; Maximino Zumalave o seu director asociado e Joana Carneiro a principal directora invitada. Coa orquestra colaboran os máis destacados directores, cantantes e instrumentistas de todo o mundo.

A RFG está comprometida en achegar a música clásica a todo o territorio galego, aos públicos máis novos e destaca, ademais, o seu compromiso co patrimonio musical galego. Xestionada polo Consorcio de Santiago, a RFG é financiada pola Administración Xeral do Estado, a Xunta de Galicia e o Concello de Santiago.

Director artístico titular

Paul Daniel

Principal directora invitada

Joana Carneiro

Director asociado

Maximino Zumalave

VIOLÍNS I

James Dahlgren
(concertino)
Adriana Winkler
(axuda de concertino)
Anca Smeu **
Michal Ryczel
Daniel Kordubaylo
Ilya Fisher
Yulia Petrushevskaya
Claudio Guridi
Victoria Jurov
Anna Alexandrova
Matthias Emmerink ***
Manuel J. Muñoz ***

VIOLÍNS II

Grigori Nedobora *
Nikolay Velikov **
Elina Viksne
Samira Ajkic
Helena Sengelow
Gyula Vadaszi
Irina Gruia
Enrique Roca
Kiyoko Ohashi
Silvia Cánovas ***
Sabela Hughes ***

VIOLAS

Tilmann Kircher *
Natalia Madison **
Timur Sadykov
Oxana Bakulina
Anne Schlossmacher
Ionela Ciobotaru
Carmen M^a Navarro ***

VIOLONCELLOS

Plamen Velev *
Barbara Switalska **
Thomas Piel
Millán Abeledo
Carlos García
Clara Martínez ***
Curro Pastor ***

CONTRABAIXOS

Carlos Méndez *
Alfonso Morán **
Raquel Miguélez (R)

FRAUTAS

Laurent Blaiteau *
Luís Soto **

ÓBOES

Christina Dominik *
Esther Viúdez **

CLARINETES

Beatriz López *
Vicente López **
Saúl Canosa (R)

FAGOTES

Juan Carlos Otero *
Manuel Veiga **

TROMPAS

Jordi Ortega *
Alfredo Varela *
Xavier Ramón **

TROMPETAS

Javier Simó *
Ramón Llátser **
Pedro J. Cases (R)

TROMBÓNS

Iago Ríos (R)
José Ramiro Pérez (R)
Víctor M. Collazo (R)

TUBA

Miguel Franqueiro (R)

SAXOFÓNS

Rafael Yebra (R)
Pablo Coello (R)
Moisés Barreiro (R)

BANJO

Alber Grella (R)

TIMBAL

José Vicente Faus *

PERCUSIÓN

Juan A. Vázquez ***
Alejandro Sanz (R)

PIANO

Nicasio Gradaille (R)

* principal | ** copincipal | *** EAEM (Curso Avanzado de Especialización Orquestral) | (R) reforzo

WAYNE MARSHALL

DIRECTOR e PIANO

O director, organista e pianista británico Wayne Marshall é internacionalmente coñecido pola súa musicalidade e versatilidade tanto no podio como ao teclado. Foi director titular da Orquestra Radiofónica da WDR de Colonia entre 2014 e 2020 e principal director convidado da Orquestra Sinfónica de Milán Giuseppe Verdi en 2007. É un reputado intérprete da obra de Gershwin, Bernstein e outros músicos norteamericanos do século XX.

Os seus vindeiros compromisos de dirección, durante a temporada do sesaxésimo aniversario de Wayne, inclúen *Porgy e Bess* no Theatre an der Wien co coro da Ópera de Cape Town, a súa volta ao podio da Filharmónica de Róterdam, coa Orquestra Tonkünstler e o cantante portugués Camané no Musikverein de Viena, Het Gelders Orkest, Filharmónica de Estrasburgo, Filharmónica de Copenhague e BR de Múnic. Así mesmo, traballará co Conservatorio de Birmingham, incluíndo a dirección dunha estrea mundial da compositora británica Errollyn Wallen.

Entre as súas recentes colaboracións destacan a Orquestra Tonkuenstler, Filharmónica Checa, Filharmónica de Dresde, Filharmónica de Oslo, a SWR para un proxecto especial

sobre Frank Zappa, o tour *Wonderful Town* de Bernstein coa Het Gelders Orkest e ReisZuid-Nederland, a representación en concerto de *Porgy e Bess* de Gershwin coa Filharmónica da Radio de Praga e unha xira polo Reino Unido coa formación *Chineke!* e os BBC Singers.

Como intérprete de órgano, posúe un repertorio excepcionalmente variado e actúa por todo o mundo. Para a temporada 20/21 destaca a súa volta á Philharmonie de París e á Philharmonie de Essen e tamén actuará no Royal Albert Hall de Londres como parte das celebracións polo 150 aniversario de Henry Willis.

Durante 2018 foi unha figura clave nos actos de celebración do nacemento do compositor Bernstein, que incluíron a súa *Misa* coa Orquestra de París na Philharmonie de París, así como *Kaddish* coa Orquestra Nacional do Capitolio de Toulouse. Tamén fixo o seu debut coa Zúric Philharmonie nun ciclo dedicado a Bernstein e dirixiu a pouco coñecida *White House Cantata* en Utrecht coa Netherlands Radio Philharmonic Orchestra. Tamén colaborou coa Orquestra da Radio de Múnic no Prinzregententheater e no Festival de Schleswig-Holstein.

Foi o primeiro director no debut de *Chineke!* no Queen Elisabeth Hall de Londres. Así mesmo, destacan as súas invitacións na Royal Scottish National Orchestra, La Scala, Sinfónica de Taipei, Gewandhaus de Leipzig, Sinfónica de Viena, Sinfónica do Novo Mundo, Filharmónica de Malaisia, Filharmónica de Luxemburgo, Santa Cecilia, Real Orquestra Filharmónica de Estocolmo, RAI de Turín, Filharmónica da BBC, Filharmónica de Hong Kong, Filharmónica de Dresde e Moscow Chamber Choir.

Marshall dirixiu *Porgy e Bess* de Gershwin en numerosas ocasións en lugares como a Ópera Cómica de París e as Óperas de Washington e Dallas. Tamén dirixiu *Candide* de Bernstein e *Mahagonny* de Kurt Weill na Deutsche Staatsoper de Berlín e na Semperoper de Dresde *The Great Gatsby* de Harbison.

Na temporada 19-20 destacan as súas actuacións no Walt Disney Concert Hall de Los Ángeles, Kimmel Centre de Filadelfia e o Symphony Hall de Birmingham. Wayne é convidado regularmente a actuar nos BBC Proms, onde participou na temporada 2012 como organista e onde foi copresentador do Barenboim Prom no verán de 2014. En 2016 participou como solista en *Ten Pieces Prom*.

En 2018 Wayne gravou un CD de Gershwin coa WDR Funkhaus Orchestra de Colonia e un CD dobre con todas as obras de cámara menos coñecidas de Bernstein. Os seus lanzamentos máis recentes inclúen as súas tres disciplinas: *Passion Symphony* de Dupré para órgano con Base2Music; o disco orquestral “Gershwin. Born to Play” lanzado con Avi e a orquestra WDR Funkhaus; e *A Flower Rememented* con Wayne interpretando arranxos para piano das obras corais de John Rutter, gravadas na súa casa en Malta durante o confinamento de 2020. Ten gravado para numerosos selos discográficos e recibiu un premio ECHO (Deutscher Schallplattenpreis) polo seu CD *Gershwin Songbook*.

En 2004 recibiu un Doutoramento Honorario pola Universidade de Bournemouth e en 2010 converteuse en membro do Royal College of Music. En 2016 recibiu do Goberno de Barbados o premio Golden Jubilee Award polos seus servizos á música. En maio de 2018 converteuse en embaixador do London Music Fund.

Fillo dun xudeu ruso, Jacob Gershowich naceu en Brooklyn e cambiou o seu nome polo de George despois de que o seu irmán Ira americanizara o seu apelido a Gershwin. Este neoyorquino autodidacta abandonou a escola con 16 anos para traballar no consorcio de produtores e editores musical Tin Pan Alley presentando, ao piano, as melodías de moda ata que comezou a escribir as súas propias cancións e outras, que compartía, co letrista Irving Ceaser acadando o seu primeiro recoñecemento nacional co tema *Swanee* popularizada por Al Jolson. Atrapado polo swing, o blues e o jazz nunca esqueceu a súa fascinación por Dvorak e sempre mantivo o seu desexo de ser concertista de piano para o que recibiu clases de Charles Hambitzer quen lle inculcou o gusto polos clásicos ata Debussy e Ravel os que se revelarían como unha duradeira influencia. A finais da década de 1910 Gershwin compuxo algunhas melodías que se fixeron moi populares, como *Do it again* á que puxo letra Buddy DeSylva, e déronlle a oportunidade de escribir o seu primeiro musical para Broadway, *La-La-Lucille* mais o verdadeiro éxito chegou co seu irmán Ira como letrista coas producións, *Lady Be Good* ou *Strike up the Band* elevando xuntos a comedia musical a unha forma de arte en Estados Unidos. A pesar do seu triunfo como compositor, nunca cesou no seu afán de compoñer traballos destinados a salas de

concertos e en 1924, Paul Whiteman encargoulle, para interpretar coa súa orquestra de jazz no seu concerto 'Un Experimento de Música Moderna', unha obra para a que un Gershwin moi novo (aínda inseguro do seu don natural para a melodía e o manexo da cor orquestral) pediu axuda a Ferde Grofé -arranxista da banda de Whiteman- para a orquestración e esta foi a popular *Rhapsody in Blue*. O manuscrito desta partitura está na Biblioteca do Congreso e indica que o compositor comezou a traballar na peza o 7 de xaneiro de 1924, rematándoa o 4 de febreiro, cando Grofé ordenou as partes orquestrais para chegar a tempo para os ensaios que el mesmo dirixiría. Tamén o seu irmán Ira suxeríulle que utilizara o segundo tema lento baseado nunha melodía xa escrita, e Victor Herbert asesorouno sobre parte do material de transición utilizado para manter unido o movemento. O título, *Rhapsody in Blue* foi inspirado polo cadro de James McNeill Whistler, *Nocturno en negro e ouro* e fai referencia ao intento de asociar cores e sons por parte do compositor -a imitación da escola francesa do momento-, non como podería pensarse pola sección central da obra onde aparece un *blues* ou pola forma final da peza. A forma libre da rapsodia adáptase perfectamente ao estilo do jazz e a partitura, que empeza e acaba en si bemol maior, destaca precisamente polo orixinal inicio do clarinete e o seu audaz

glissando -unha brincadeira que improvisou o clarinetista da banda de Whiteman, Ross Gorman, durante os ensaios e o compositor pediulle que non deixara de facelo- e a exposición do primeiro tema, repetido, a modo de fanfarra, o piano presentará o segundo tema e o terceiro -en tempo lento-, resulta a parte máis clásica da peza, levándonos ao Chaikovski máis lírico. A estrea foi un grande éxito e desde aí, Grofé creou tres orquestracións máis, a primeira foi unha versión para orquestra teatral que foi o estándar da obra durante dúas décadas e, en 1942, esta versión para orquestra completa que é a máis coñecida e gravada.

Pero Gershwin seguía pensando nas súas carencias compositivas, técnicas e formais polo que seguiu estudando. En 1928, viaxou a Europa, París e Viena, para ser admitido por grandes mestres da época mais, impresionados polo seu lirismo natural, a súa destreza técnica e a súa capacidade para proxectar complexos ritmos inspirados no jazz, o que recibiu foron negativas curiosas como a de Ravel "Creo que é vostede quen debe darme clases a min" pero permitiulle codearse cos seus referentes musicais ou a de Stravinski quen lle preguntou "Canto diñeiro gaña ao ano, Sr. Gershwin?". Sorprendido, o estadounidense dixo que unha cantidade de seis cifras ao que Stravinski respondeu "Nese caso...

eu debería estudar con vostede!". Recentemente a Filharmónica de Nova York tiña encargado a Gershwin unha obra orquestral que xa comezara a bosquejar así que a viaxe aportoulle a posibilidade de darlle forma á peza, un poema sinfónico influído polo jazz que representa a un turista americano ante as vistas e os sons de París. *Un americano en París* é música absoluta pois a súa estrutura está deseñada en base a fundamentos musicais máis que literarios ou dramáticos pero, sobre todo, é música programática pois pretende ser un relato emocional que conta, en termos de son, as impresións xerais marcadas por elemento coloristas locais, dese turista percorrendo a Cidade da Luz: un paseo polos Campos Elíseos a través dun aire directo e diatónico para transmitir liberdade e alegría, os taxis -as súas bucinas- e un dos seus condutores anunciado polas cordas, a porta aberta dun café parisiense onde os trombóns traen o tango brasileiro tan popular no final do século XIX e principios do XX -Gershwin cita unha melodía famosísima en París nesa época que vén de *Los inocentes* de Ramón Estellés-, incluso unha morriña pasaxeira ao ver de lonxe a Torre Eiffel, as librarías do molle, as follas de castiñeiro de Indias nas luminosas rúas que o fan sentir estranxeiro pero volve o charleston e o blues e a orquestra que, nun final desenfreado decide facer noite na cidade e gozar da cidade mentres

non regresa a casa. Se ben a partitura non está composta en forma sonata estrita, aseméllase a un movemento sinfónico que revela, desenvolve e recapitula temas definidos que no caso desta obra, son cinco.

A pesar de certas críticas, a obra foi un éxito de público pero non foi o último pois está por chegar a culminación da ambición de Gershwin de escribir unha ópera en vez de musicais e así, en 1935, remata *Porgy and Bess* xurdida, tras numerosas vicisitudes, da súa asociación co autor da novela *Porgy*, DuBose Heyward e a súa dona Dorothy, dramaturga e responsable da adaptación teatral do texto do seu home e que acabou musicando o compositor. A ópera, que mestura ritmos afroamericanos, jazz, gospel ou blues para afondar nos personaxes e mostrar a súa desesperación, a súa rabia e o amor presente nas súas vidas, conta a realidade agochada da sociedade norteamericana, na que a pobreza e a falla de escrúpulos empurran aos protagonistas cara a súa destrución, mostrando a vida e a morte en Catfish Row, un dos barrios pobres de Charleston, Carolina do Sur ademais de reflectir a empatía do compositor cos desfavorecidos e os oprimidos. Gershwin pasou varios períodos extensos con Heyward en Carolina do Sur e transformou os espirituais en arias de conxunto coa forma de preguntas e respostas, emparentou os recitativos coas inflexións características dos negros

dese lugar e tempo, e adaptou os elementos folk dun colectivo específico ao que el mesmo denominou “unha ópera folclórica para teatro, con drama, humor, cancións e baile”. Os diversos temas da ópera rapidamente volvéronse moi populares, especialmente *Summertime* e *I Got Plenty O’Nuttin* cos que o propio Gershwin, en 1936, creou unha suite centrada no material orquestral menos coñecido en lugar das famosas melodías das cancións e que titulou, *Catfish Row*. Esta suite foi a primeira de innumerables adaptacións, arranxos e reinterpretacións nas que a narrativa dramática da historia era de importancia secundaria, e moitas delas son esencialmente un popurrí dos mellores temas. A versión da *Fantasia* do británico Iain Farrington data, ao igual que a súa versión de *Un Americano en París*, de 2011 e é una obra sinfónica que incorpora cancións e escenas orquestrais nunha estrutura continua dun so movemento que segue a historia en orde e intenta condensar a acción nun marco dramático sen fisuras, utilizando unicamente a música orixinal. Os arranxos para unha formación instrumental reducida achegan a música a una banda de Broadway, máis atrevida e con máis garra, en contraposición ao brillante son dunha grande orquestra sinfónica.

PRÓXIMOS CONCERTOS

Xoves 25 de marzo, 20.00 h

A CANCIÓN DA TERRA

REAL FILHARMONÍA DE GALICIA

Paul Daniel, director

Marina Pardo, mezzosoprano

Andeka Gorrotxategi, tenor

A. Alcalde, *Un ollo de vidro*

(Obra encargo RFG*)

G. Mahler, *A canción da terra*

(orq. I. Farrington)

* Estrea absoluta

Xoves 8 de abril, 20.00 h

AUGA

REAL FILHARMONÍA DE GALICIA

Paul Daniel, director

Camille Thomas, violoncello

A. Dvorák, Danza eslava, op. 72 núm. 2

F. Say, Ana Tanriça (Mother Goddess)*

A. Dvorák, Danza eslava, op 72 núm. 3

F. Say, Never give up*

A. Dvorák, Danza eslava, op. 72 núm. 7

* Estrea en España

C
**Compostela
Cultura**

AUDITORIO DE GALICIA

Avda. Burgo das Nacións s/n
15705 Santiago de Compostela

DESPACHO DE BILLETES

T 981 571 026 | T 981 573 979 (Auditorio)
T 981 542 349 (Teatro Principal)

OFICINAS

T 981 552 290 | T 981 574 152

www.rfgalicia.org

www.compostelacultura.gal



RealFilharmoniadeGalicia
CompostelaCultura



@rfgalicia
@CCultura

